## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*RESOLUCIÓN do 22 de marzo de 2016, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se fan públicas a convocatoria e a orde do día da sesión do XI Pleno do Consello de Comunidades Galegas.*

En cumprimento do establecido no artigo 16 do Decreto 111/2015, do 6 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas, coa conformidade do presidente da Xunta de Galicia,

RESOLVO:

Facer pública a convocatoria e a orde do día da sesión do Pleno do Consello de Comunidades Galegas, que terá lugar os días 27 e 28 de maio de 2016 na Habana (República de Cuba).

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2016

Antonio Rodríguez Miranda
Secretario xeral da Emigración

ANEXO

**Orde do día da sesión do XI Pleno do Consello de Comunidades Galegas, que terá lugar os días 27 e 28 de maio de 2016 na Habana (República de Cuba)**

1. Constitución do Pleno e apertura da sesión.

2. Aprobación da acta do X Pleno do Consello de Comunidades Galegas.

3. Exposición das liñas de actuación da Secretaría Xeral da Emigración.

4. Constitución e desenvolvemento dos relatorios.

5. Elección das comunidades galegas representantes na Comisión Delegada do XI Pleno do Consello de Comunidades Galegas.

CVE-DOG: tl9128y0-r781-xae7-o0i8-r77xyezi6um4

6. Lectura e aprobación das conclusións dos relatorios.

7. Rolda de intervencións libres.

8. Proclamación e nomeamento das comunidades galegas electas na Comisión Delegada do XI Pleno do Consello de Comunidades Galegas.

9. Clausura do Pleno.

CVE-DOG: tl9128y0-r781-xae7-o0i8-r77xyezi6um4